ID1.5.2. Identifica de xeito colaborativo as liñas de traballo de entidades que se ocupan da salvagarda dos dereitos humanos en todo o mundo, e comunícaas a través dunha posta en común que se materialice nalgún documento escrito.				
ID1.6.1. Identifica e aprecia os valores éticos fundamentais da Constitución española, e sinala a orixe da súa lexitimidade e a súa finalidade mediante a lectura comprensiva e comentada do seu preámbulo.	Ficha de recollida de información	1ª avaliación	Aprecia os valores éticos fundamentais da Constitución española	CD CSC CCEC
ID1.6.2. Sinala e comenta a importancia dos dereitos á honra, á intimidade persoal e familiar, á propia imaxe e ao segredo de comunicacións.	Debate en pequeno grupo e posta en común na clase: análise mediante escala de observación.	1ª avaliación	Valora a importancia dos dereitos á honra, á intimidade persoal e familia, á propia imaxe e ao segredo de comunicacións.	CD CSC CCEC
ID1.6.3. Simula mediante xogos de rol as consecuencias de diferentes accións vinculadas aos dereitos e deberes nas redes de persoas menores de idade.				CD CSC CCEC
ID1.7.1. Contrasta os anteriores dereitos co dereito á liberdade de expresión de ideas e pensamentos e a comunicar e recibir libremente información veraz, identificando os seus límites, mediante a lectura e análise de casos reais.				CD CSC CCEC

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Grado mínimo de consecución	Competencias
Bloque 1. A identidade do ser humano racional. Dereitos e dignidade persoal				
ID1.7.2. Argumenta unha postura determinada nun debate arredor dunha situación real de conflito de dereitos.	Escala de observación	2ª avaliación	Respecta as situacións de debate entre iguais.	CCL CSS
D1.8.1. Elabora e ilustra en grupo nunha infografía algún dos aspectos referidos aos dereitos ARCO.	Lista de cotexo	1ª avaliación	Coñece os dereitos ARCO	CCL CD CSC
ID1.9.1. Identifica os catros elementos principais da propiedade intelectual e ilústralos a través de exemplos.	Lista de cotexo, infografía. Cuestionarios sobre artigos impresos e dixitais.	1ª avaliación	Identifica os catros elementos principais da propiedade intelectual.	CD CSC
ID1.9.2. Identifica as posibilidades e restricións de uso dalgunha obra creativa seleccionada na rede, atendendo á súa licenza de propiedade intelectual.				CD CSC
ID1.10.1. Investiga sobre as novas formas de compartir coñecemento na rede a través de licenzas de Cultura libre e presenta conclusións en diferentes soportes.	Traballo escrito no blogue. Caderno	1ª avaliación	Coñece algunhas plataformas para difundir coñecementos na rede.	CD CSC
ID1.11.1. Define o dereito ao esquecemento e identifica estratexias individuais e colectivas que contribúan a minimizar os danos da súa ausencia rexistrándoos nunha lista.	Traballo escrito no blogue.	1ª avaliación	Define o dereito ao esquecemento	CCL CD CSC CCEC
ID1.12.1. Identifica o concepto de fenda dixital e pon exemplos tirados da vida cotiá.	Lista de cotexo	1ª avaliación	Identifica o concepto de fenda dixital e pon exemplos tirados da vida cotiá.	CCL CD CSC
ID1.12.2. Busca as causas e argumenta de modo oral mediante unha exposición as consecuencias derivadas dos exemplos seleccionados.	Exposición oral, lista de cotexo. Coavaliación	1ª avaliación	Identifica o concepto de fenda dixital e pon exemplos tirados da vida cotiá.	CCL CAA CSC

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Grado mínimo de consecución	Competencias
Bloque 1. A identidade do ser humano racional. Dereitos e dignidade persoal				
	Análise de casos: debate.			
ID1.12.3. Elabora de xeito colaborativo un decálogo con medidas que contribúan á redución da fenda dixital.	Traballo no blogue. Exposición oral.			CCL CD CAA CSC
Bloque 2. A identidade dixital				
ID2.1.1. Explica o concepto de identidade como unha realidade dinámica e cambiante que suxeita á permanencia do rastro dixital.	Escrita no blogue e no caderno.	2ª avaliación	Recoñece a evolución do concepto de identidade dixital	CD CAA CSC
ID2.1.2. Compara os conceptos identidade dixital e analóxica e establece as relacións que existen entre a propia identidade dixital e a analóxica.	Procura de novas e debate na aula. Coavaliación	2ª avaliación	Compara identidade dixital e analóxica.	CD CAA CSC
ID2.1.3. Identifica prácticas dixitais habituais que ilustran esta relación (proxección da imaxe, exposición da vida real na vida dixital...) e toma conciencia sobre a transcendencia dos nosos actos na rede.	Procura de novas e debate na aula. Coavaliación	2ª avaliación	Toma conciencia sobre a transcendencia dos nosos actos na rede.	CD CAA CSC
ID2.2.1. Identifica o rastro dixital de accións cotiás de uso da rede a través de exemplos reais ou ficticios.	Procura de novas e debate na aula. Coavaliación	2ª avaliación	. Identifica o rastro dixital de accións cotiás de uso da rede a través de exemplos reais ou ficticios.	CD CSIEE
D2.2.2. Investiga e presenta o funcionamento dun produto de mercado derivado de servizos gratuítos aloxados na rede.	Traballo no blogue colaborativo.	2ª avaliación	Investiga e presenta o funcionamento dun produto de mercado derivado de servizos gratuítos aloxados na rede.	CD CSIEE

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Grado mínimo de consecución	Competencias
Bloque 1. A identidade do ser humano racional. Dereitos e dignidade persoal				
ID2.3.1. Identifica os trazos físicos, emocionais, sociais, intelectuais, espirituais... que proxectamos na vida cotiá e cotéxaos con aqueles que proxectamos nas redes.	Debate clase.	1ª avaliación	Identifica os trazos físicos, emocionais, sociais, intelectuais, espirituais... que proxectamos na vida cotiá e cotéxaos con aqueles que proxectamos nas redes.	CCL CD CSC
ID2.4.1. Explica os intereses e afeccións que manifestamos na rede a través do vínculo con determinadas comunidades con que interactuamos mediante a elaboración dunha relación daquelas que formamos parte.		2ª avaliación		CCL CD CSC
ID2.5.1. Elabora en grupo unha infografía ilustrada coas recomendacións máis importantes para a xestión da propia identidade dixital.	Lista de cotexo	2ª avaliación	Recoñece as pautas para xestionar a súa propia identidade dixital.	CCL CD CSC CSIEE CCEC
ID2.5.2. Relaciona os conceptos de marca persoal e identidade dixital atendendo ao tipo de influencia que a marca persoal pode ter sobre a propia identidade persoal.	Análise e debate na clase.	1ª avaliación 2ª avaliación	Relaciona os conceptos de marca persoal e identidade dixita	CCL CD CSC CSIEE CCEC
ID2.6.1. Planifica, describe e elabora un proxecto de futuro de construción de identidade dixital atendendo ás fases de viabilidade (posibilidades reais de construír a imaxe dixital), planificación (definición de estratexia xeral, aplicacións a utilizar, configuración de aplicacións, estratexia de publicación e interacción, tarefas, etc.) execución do plan e valoración final.	Investigación, información no caderno, presentación powerpoint. Análise e coavaliación.	2ª avaliación	Planifica, describe e elabora un proxecto de futuro de construción de identidade dixital	CCL CD CSC CSIEE CCE

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Grado mínimo de consecución	Competencias
Bloque 1. A identidade do ser humano racional. Dereitos e dignidade persoal				
Bloque 3. Pensamento crítico e rede				
ID3.1.1. Localiza e recupera información relevante e veraz sobre algún interese propio e destaca as diferentes estratexias de busca utilizadas.	Observación directa	3ª avaliación	Sabe procurar e recuperar información cunhas estreteixas de procurar adecuadas.	CL CD CAA
ID3.2.1. Interpreta e analiza a mesma información en fontes diferentes.	Observación directa	3ª avaliación		CL CD CAA
ID3.3.1. Selecciona unha petición de carácter cívico dunha plataforma pública ou un proxecto de creación e elabora algunha proposta de contribución simple á súa difusión.	Traballo grupal, observación	3ª avaliación	Selecciona unha petición de carácter cívico dunha plataforma pública ou un proxecto de creación e elabora algunha proposta de contribución simple á súa difusión.	CL CD CAA
ID3.3.1. Exemplifica sobre os perigos que encerra o fenómeno da socialización global á marxe dos valores éticos universais e dialoga na procura de solucións.	Análise mediante lista de control de curtas Debate na clase.	3ª avaliación	Exemplifica sobre os perigos que encerra o fenómeno da socialización global á marxe dos valores éticos universais e dialoga na procura de solucións.	CL CD CAA
ID3.3.2. Propón actuacións coherentes que poñan en contacto a súa comunidade global co seu ámbito de participación local.				CL CD CAA
ID3.4.1. Crea e comparte coñecemento na rede sobre algunha habilidade, experiencia, competencia, coñecemento, calidade propia e comunícaa a través de diferentes soportes.	Lista de cotexo. Traballo no blogue.	3ª avaliación	rea e comparte coñecemento na rede sobre algunha habilidade, experiencia, competencia, coñecemento, calidade propia e	CL CD CAA

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Grado mínimo de consecución	Competencias
Bloque 1. A identidade do ser humano racional. Dereitos e dignidade persoal				
			comunícaa a través de diferentes soportes.	
ID3.4.2. Recoñece as posibilidades que ofrecen as plataformas para elaborar, compartir e financiar proxectos de xeito colectivo.	Exposición oral, rúbrica	2ª avaliación	Recoñece as posibilidades que ofrecen as plataformas para elaborar, compartir e financiar proxectos de xeito colectivo.	CL CD CAA
ID3.5.1. Xustifica o uso das redes sociais facendo fincapé nas oportunidades e vantaxes que ofrecen sen esquecer os riscos que supón o seu uso.	Debate	2ª avaliación	Recoñece aspectos positivos e negativos das redes sociais.	CL CD CAA
ID3.6.1. Reflexiona sobre os momentos en que a tecnoloxía non debe estar presente en accións da vida cotiá e expón as conclusións a través de micronarrativas (memes, gifs, vines...).	Lista de cotexo, análise de infografía.	3ª avaliación	Reflexiona sobre os momentos en que a tecnoloxía non debe estar presente en accións da vida cotiá e expón as conclusións a través de micronarrativas (memes, gifs, vines...).	CD CSC CCEC
ID3.7.1. Coñece os riscos de seguridade na rede e emprega hábitos de protección adecuados.	Lista de cotexo	2ª avaliación	Reflexiona sobre os momentos en que a tecnoloxía non debe estar presente en accións da vida cotiá e expón as conclusións a través de micronarrativas (memes, gifs, vines...).	CD CSC

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Grado mínimo de consecución	Competencias
Bloque 1. A identidade do ser humano racional. Dereitos e dignidade persoal				
ID3.7.2. É consciente dos dereitos de terceiros no momento de compartir datos na rede.	Observación directa	3ª avaliación	É consciente dos dereitos de terceiros no momento de compartir datos na rede.	CD CSC
ID3.7.3. Pon de manifesto a necesidade de protexer os datos mediante políticas de privacidade e contrasinais seguros.	Observación directa	3ª avaliación	Pon de manifesto a necesidade de protexer os datos mediante políticas de privacidade e contrasinais seguros.	CD CSC
ID3.8.1. Aplica técnicas de protección da privacidade en prácticas reais ou ficticias na rede.	Observación directa	3ª avaliación	Aplica técnicas de protección da privacidade en prácticas reais ou ficticias na rede.	CD CSC
ID3.9.1. Describe en que consisten os delitos informáticos máis habituais e clasifícaos atendendo á súa gravidade.	Traballo no blogue, Lista de cotexo	3ª avaliación	Coñece algúns dos delitos informáticos habituais.	CD CSC
ID3.9.2. Coñece, discute e aplica prácticas de protección ante os diferentes riscos na rede: ameazas á súa reputación, informacións falsas, publicacións que exceden a liberdade de información ou suplantacións de identidade.	Debate na aula, lista de control	2ª avaliación	Coñece, discute e aplica prácticas de protección ante os diferentes riscos na rede: ameazas á súa reputación, informacións falsas, publicacións que exceden a liberdade de información ou suplantacións de identidade.	CD CSC
ID3.10.1. Expón a repercusión das nosas interaccións na rede sobre os demais a través de faladoiros dialóxicos e presenta conclusións en diferentes soportes.				CCL CSC
ID3.11.1. Visita e familiarízase coa información ao cidadán que ofrece a web da AEPD.	Exposición individual, lista de cotexo	3ª avaliación	Coñece os servizos da AEPD.	CCL CD CAA

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Grado mínimo de consecución	Competencias
Bloque 1. A identidade do ser humano racional. Dereitos e dignidade persoal				
D3.11.2. Elabora a documentación necesaria para solicitar a retirada dunha información visual ou audiovisual dalgún servizo da internet.	Caderno	3ª avaliación	Coñece os mecanismos para solicitar a retirada dunha información en Internet.	CCL CD CAA

	Identidade Dixital			
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
Bloque 1. A identidade do ser humano racional. Dereitos e dignidade persoal				
a d f	B1.1. A identidade persoal, identidade social e diversidade humana. O proceso na construción da identidade.	B1.1. Diferenciar entre os elementos da identidade e a relación existente entre eles.	ID1.1.1. Identifica as diferenzas básicas que existen entre os conceptos identidade persoal, identidade social e diversidade humana e pon exemplos da vida cotiá.	CAA CCEC
			ID1.1.2. Acorda unha definición para os conceptos de identidade social e diversidade humana a través do consenso co grupo.	CCL CAA
		B1.2. Recoñecerse a si mesmo como protagonista no proceso de construción da identidade.	ID1.2.1. Recoñece e valora o poder que posúe para construír a súa propia identidade e exemplifícao coa creación dunha batería colaborativa de propostas a través da súa recollida nun único documento.	CCL CAA CSC CCEC
a d f	B1.2. O concepto de intimidade. Exposición pública da intimidade.	B1.3. Comprender con perspectiva histórica o concepto de intimidade, facendo especial fincapé na evolución xurdida no ámbito das interaccións dixitais, e argumentar a favor e en contra dunha práctica de exposición persoal na rede.	ID1.3.1. Investiga o significado do concepto intimidade e a que tivo ao longo do tempo e do espazo, expoñendo a través dun breve informe as conclusións obtidas.	CD CSC CCEC
			ID1.3.2. Extrapola diferentes prácticas de exposición persoal do seu contorno, como a publicación de imaxes de menores sen o seu consentimento, a unha sociedade ficticia sen pantallas e inventa posibles lugares de exposición pública destas imaxes analizando a súa pertinencia ética.	CD CSC CCEC

	Identidade Dixital			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
a f	B1.3. Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A dignidade como ser moral e o valor da persoa. A igualdade de dereitos entre homes e mulleres.	B1.4. Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos esenciais como o fundamento do cal derivan todos os dereitos.	ID1.4.1. Identifica no preámbulo da DUDH os elementos que constitúen dereitos inalienables.	CD CSC CCEC
		B1.5. Apreciar o labor que realizan entidades de distinta índole que traballan pola defensa dos dereitos humanos, auxiliando as persoas que por natureza os posúen, pero non teñen oportunidade de exercelos.	ID1.5.1. Investiga que entidades se ocupan da salvagarda dos dereitos humanos en todo o mundo.	CD CSC CAA CCEC
			ID1.5.2. Identifica de xeito colaborativo as liñas de traballo de entidades que se ocupan da salvagarda dos dereitos humanos en todo o mundo, e comunícaas a través dunha posta en común que se materialice nalgún documento escrito.	CD CSC CAA CCEC
a d g	B1.4. A Constitución española. B1.5. Dereito á honra. Dereito á intimidade persoal e familiar. Dereito á imaxe. B1.6. A identidade dixital en menores de idade. Menores de 14 anos. Dos 14 aos 18 anos. B1.7. Liberdade de expresión e límites. Liberdade de información e límites. B1.8. Conflito ou colisión de dereitos.	B1.6. Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución española de 1978, identificando os valores éticos de que parte e os conceptos preliminares que establece, e mais os dereitos, os deberes e as consecuencias das súas actuacións nas redes tanto para eles como para os seus titores legais.	ID1.6.1. Identifica e aprecia os valores éticos fundamentais da Constitución española, e sinala a orixe da súa lexitimidade e a súa finalidade mediante a lectura comprensiva e comentada do seu preámbulo.	CD CSC CCEC

	Identidade Dixital			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
			ID1.6.2. Sinala e comenta a importancia dos dereitos á honra, á intimidade persoal e familiar, á propia imaxe e ao segredo de comunicacións.	CD CSC CCEC
			ID1.6.3. Simula mediante xogos de rol as consecuencias de diferentes accións vinculadas aos dereitos e deberes nas redes de persoas menores de idade.	CD CSC CCEC
		B1.7. Buscar na rede casos reais de conflitos de dereitos e doutros relacionados co dereito á honra.	ID1.7.1. Contrasta os anteriores dereitos co dereito á liberdade de expresión de ideas e pensamentos e a comunicar e recibir libremente información veraz, identificando os seus límites, mediante a lectura e análise de casos reais.	CD CSC CCEC
			ID1.7.2. Argumenta unha postura determinada nun debate arredor dunha situación real de conflito de dereitos.	CCL CSS
a b f g	B1.9. Lei orgánica de protección de datos. Dereitos ARCO.	B1.8. Coñecer e definir os elementos esenciais dos dereitos ARCO: dereito de información, acceso, rectificación, cancelación e oposición.	ID1.8.1. Elabora e ilustra en grupo nunha infografía algún dos aspectos referidos aos dereitos ARCO.	CCL CD CSC
a b f g	B1.10. Lei de propiedade intelectual e corrente de pensamento Cultura libre.	B1.9. Explicar os catro dereitos de explotación da propiedade intelectual: reprodución, distribución, comunicación pública e transformación a través de casos prácticos.	ID1.9.1. Identifica os catros elementos principais da propiedade intelectual e ilústraos a través de exemplos.	CD CSC

Identidade Dixital				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
			ID1.9.2. Identifica as posibilidades e restricións de uso dalgunha obra creativa seleccionada na rede, atendendo á súa licenza de propiedade intelectual.	CD CSC
		B1.10. Analizar e recoñecer as novas formas de compartir coñecemento na rede e valorar a pertinencia das licenzas de Cultura libre.	ID1.10.1. Investiga sobre as novas formas de compartir coñecemento na rede a través de licenzas de Cultura libre e presenta conclusións en diferentes soportes.	CD CSC
a b f g	B1.11. Dereito ao esquecemento.	B1.11. Comprender e explicar o significado do dereito ao esquecemento e as posibles consecuencias da súa ausencia.	ID1.11.1. Define o dereito ao esquecemento e identifica estratexias individuais e colectivas que contribúan a minimizar os danos da súa ausencia rexistrándoos nunha lista.	CCL CD CSC CCEC
a b f g	B1.12. Fenda dixital. Tipos de fenda dixital: global, social (de acceso, de uso e de calidade de uso) e democrática.	B1.12. Explicar e valorar a importancia de reducir a fenda dixital no proceso de construción colectiva dunha sociedade máis igualitaria.	ID1.12.1. Identifica o concepto de fenda dixital e pon exemplos tirados da vida cotiá.	CCL CD CSC
			ID1.12.2. Busca as causas e argumenta de modo oral mediante unha exposición as consecuencias derivadas dos exemplos seleccionados.	CCL CAA CSC
			ID1.12.3. Elabora de xeito colaborativo un decálogo con medidas que contribúan á redución da fenda dixital.	CCL CD CAA CSC
Bloque 2. A identidade dixital				

Identidade Dixital				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
e d f	B2.1. A identidade dixital como construción social. A identidade híbrida.	B2.1. Recoñecer e asumir a relación directa que existe entre a identidade dixital e a identidade analóxica e analizar criticamente diferentes accións cotiás na rede que constrúen a nosa identidade dixital deixando un rastro permanente, comparando as accións na rede con inscricións na rede.	ID2.1.1. Explica o concepto de identidade como unha realidade dinámica e cambiante que suxeita á permanencia do rastro dixital.	1. CD 2. CAA 3. CSC
			ID2.1.2. Compara os conceptos identidade dixital e analóxica e establece as relacións que existen entre a propia identidade dixital e a analóxica.	4. CD 5. CAA 6. CSC
			ID2.1.3. Identifica prácticas dixitais habituais que ilustran esta relación (proxección da imaxe, exposición da vida real na vida dixital...) e toma conciencia sobre a trascendencia dos nosos actos na rede.	7. CD 8. CAA 9. CSC
e g	B2.2. A nosa actividade consciente na rede. B2.3. Rastro dixital. Os servizos gratuítos na rede.	B2.2. Presentar e defender en público algunha acción ou interacción na rede, debaténdoa en gran grupo, e explicar a aparente gratuidade do seu uso.	ID2.2.1. Identifica o rastro dixital de accións cotiás de uso da rede a través de exemplos reais ou ficticios.	10. CD 11. CSIEE
			ID2.2.2. Investiga e presenta o funcionamento dun produto de mercado derivado de servizos gratuítos aloxados na rede.	CD CSIEE

Identidade Dixital				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
a e d g	B2.4. A imaxe que os demais teñen da nosa identidade dixital. B2.5. A relación establecida cos diferentes membros da rede.	B2.3. Comprender a existencia de diferenzas entre o que somos e o que proxectamos de nós na rede, coa finalidade de fomentar unha interacción responsable e a valoración crítica da identidade de terceiros.	ID2.3.1. Identifica os trazos físicos, emocionais, sociais, intelectuais, espirituais... que proxectamos na vida cotiá e cotéxaos con aqueles que proxectamos nas redes.	CCL CD CSC
		B2.4. Sinalar e relacionar os obxectivos e pertinencia da súa participación persoal en diferentes comunidades dixitais.	ID2.4.1. Explica os intereses e afeccións que manifestamos na rede a través do vínculo con determinadas comunidades con que interactuamos mediante a elaboración dunha relación daquelas que formamos parte.	CCL CD CSC
a b d f g	B2.6. Xestión da identidade dixital. Revisión da identidade. B2.7. Construción da reputación. Marca persoal. Relación entre marca persoal e identidade dixital.	B2.5. Comprender a importancia da identidade dixital no seu proceso de construción persoal e a necesidade de xestionala activamente.	ID2.5.1. Elabora en grupo unha infografía ilustrada coas recomendacións máis importantes para a xestión da propia identidade dixital.	CCL CD CSC CSIEE CCEC
			ID2.5.2. Relaciona os conceptos de marca persoal e identidade dixital atendendo ao tipo de influencia que a marca persoal pode ter sobre a propia identidade persoal.	CCL CD CSC CSIEE CCEC

Identidade Dixital				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
a b d f g	B2.8. Proxectos persoais.	B2.6. Planificar e presentar un proxecto de construción de identidade dixital coherente e realista e valorar a posibilidade de xerar unha marca persoal mantendo unha postura crítica sobre a pertinencia de facelo e a influencia que esta pode xerar sobre a súa propia identidade.	ID2.6.1. Planifica, describe e elabora un proxecto de futuro de construción de identidade dixital atendendo ás fases de viabilidade (posibilidades reais de construír a imaxe dixital), planificación (definición de estratexia xeral, aplicacións a utilizar, configuración de aplicacións, estratexia de publicación e interacción, tarefas, etc.) execución do plan e valoración final.	CCL CD CSC CSIEE CCEC
Bloque 3. Pensamento crítico e rede				
a d f g	B3.1. A cultura de participación.	B3.1. Analizar e comentar, con actitude reflexiva e espírito crítico, calquera tipo de información.	ID3.1.1. Localiza e recupera información relevante e veraz sobre algún interese propio e destaca as diferentes estratexias de busca utilizadas.	CL CD CAA
a d f g	B3.2. Busca, uso e comunicación da información de xeito creativo, legal e ético.	B3.2. Contrastar a información recollida en diferentes fontes e analizar criticamente o seu contido.	ID3.2.1. Interpreta e analiza a mesma información en fontes diferentes.	CL CD CAA

Identidade Dixital				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
a d f g	B3.3. Plataformas de acollida libre e pública de peticións pola internet tanto próximas como globais.	B3.3. Participar nalgunha experiencia en rede compartindo información e valorando explicitamente beneficios e prexuízos que lle pode ocasionar esa interacción concreta na rede.	ID3.3.1. Selecciona unha petición de carácter cívico dunha plataforma pública ou un proxecto de creación e elabora algunha proposta de contribución simple á súa difusión.	CL CD CAA
			ID3.3.1. Exemplifica sobre os perigos que encerra o fenómeno da socialización global á marxe dos valores éticos universais e dialoga na procura de solucións.	CL CD CAA
			ID3.3.2. Propón actuacións coherentes que poñan en contacto a súa comunidade global co seu ámbito de participación local.	CL CD CAA
a d f g	B3.4. Proxectos de creación e de microfinanciamento global e no contorno próximo.	B3.4. Buscar e identificar proxectos de creación e/ou de microfinanciamento colectivo do contorno próximo.	ID3.4.1. Crea e comparte coñecemento na rede sobre algunha habilidade, experiencia, competencia, coñecemento, calidade propia e comunícaa a través de diferentes soportes.	CL CD CAA
			ID3.4.2. Recoñece as posibilidades que ofrecen as plataformas para elaborar, compartir e financiar proxectos de xeito colectivo.	CL CD CAA
a d f g	B3.5. Participación e respecto na rede. Empatía dixital.	B3.5. Identificar e valorar criticamente actitudes e reaccións cara a terceiros empatizando coas distintas partes implicadas.	ID3.5.1. Xustifica o uso das redes sociais facendo fincapé nas oportunidades e vantaxes que ofrecen sen esquecer os riscos que supón o seu	CL CD CAA

	Identidade Dixital			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
			uso.	
a d f g	B.3.6. Benestar e xestión dos tempos de consumo na rede.	B3.6. Computar e analizar o tempo de conexión á rede e analizar a súa repercusión no benestar.	ID3.6.1. Reflexiona sobre os momentos en que a tecnoloxía non debe estar presente en accións da vida cotiá e expón as conclusións a través de micronarrativas (memes, gifs, vines...).	CD CSC CCEC
e d	B3.7. Medidas e hábitos de seguridade na navegación. Configuración adecuada da seguridade e privacidade. B3.8. Ameazas á privacidade na rede. Configuración da privacidade nas redes sociais. Alteracións derivadas da sincronización entre plataformas.	B3.7. Adoptar as condutas de seguridade activa e pasiva que posibiliten a protección dos datos persoais e o intercambio seguro de información nas súas interaccións na rede.	ID3.7.1. Coñece os riscos de seguridade na rede e emprega hábitos de protección adecuados.	CD CSC
			ID3.7.2. É consciente dos dereitos de terceiros no momento de compartir datos na rede.	CD CSC
			ID3.7.3. Pon de manifesto a necesidade de protexer os datos mediante políticas de privacidade e contrasinais seguros.	CD CSC
a e d	B3.9. Alteracións da privacidade por parte de terceiros.	B3.8. Aplicar técnicas de protección da privacidade.	ID3.8.1. Aplica técnicas de protección da privacidade en prácticas reais ou ficticias na rede.	CD CSC

Identidade Dixital				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
a e d	B3.10. Ameazas á reputación na rede. Informacións descontextualizadas. Publicacións falsas, inxurias ou calumnias. Publicacións que exceden a liberdade de información. Suplantación da identidade na internet.	B3.9. Coñecer os delitos informáticos máis habituais para desenvolver estratexias de protección en relación con aqueles que poidan ter un maior impacto na súa persoa.	ID3.9.1. Describe en que consisten os delitos informáticos máis habituais e clasifícaos atendendo á súa gravidade.	CD CSC
			ID3.9.2. Coñece, discute e aplica prácticas de protección ante os diferentes riscos na rede: ameazas á súa reputación, informacións falsas, publicacións que exceden a liberdade de información ou suplantacións de identidade.	CD CSC
a e d	B3.11. Convivencia na rede. Exemplos de boas prácticas.	B3.10. Recoñecer o outro nas nosas publicacións na rede e o impacto destas na súa reputación e nas súas emocións.	ID3.10.1. Expón a repercusión das nosas interaccións na rede sobre os demais a través de faladoiros dialóxicos e presenta conclusións en diferentes soportes.	CCL CSC
a d g	B3.12. Reacción ante a violación de dereitos. Denuncia interna aos provedores de servizos. Denuncia ante a AEPD. Denuncia xudicial.	B3.11. Coñecer e poñer en práctica o procedemento de solicitude de retirada de información de carácter persoal dos diferentes servizos da rede, incluídas as indexacións dos principais buscadores.	ID3.11.1. Visita e familiarízase coa información ao cidadán que ofrece a web da AEPD.	CCL CD CAA
			ID3.11.2. Elabora a documentación necesaria para solicitar a retirada dunha información visual ou audiovisual dalgún servizo da internet.	CCL CD CAA

Metodoloxía

A avaliación será continua e diferenciada. Avaliarase tendo en conta os criterios de avaliación do currículo e segundo os estándares de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación serán o referente para a valoración da adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos.

Os instrumentos para avaliar serán variados e empregáremos en diferentes momentos das avaliacións:

A observación sistemática:

- Diario de clase

Fichas personalizadas de control: listas de cotexo e rúbricas.

O uso da súa conta na aula virtual e no blogue de aula.

Preguntas individuais sobre o tratado nas clases, participación nas mesmas.

Análise das producións dos alumnos:

Caderno de clase e achegas na aula virtual.

Léxico empregado .

Destreza na procura da información e reelaboración de textos.

Colaboración en grupos

Traballos de investigación e exposicións orais.

Producións no blogue.

Intercambios orais cos alumnos:

Diálogos, debates...

Creacións con programas de edición de son, vídeo e fotografía.

Probas escritas.

Cuestionarios:

Sobre o desenvolvemento da clase.

Sobre noticias relacionadas coa materia aparecidas nos medios.

Sobre curtas ou documentais.

Autoavaliación

Coavaliación

Aínda que non haberá exames escritos tradicionais, valoraremos a incidencia dos temas tratados na aula mediante cuestionarios de control para os que o alumnado non necesita preparación previa. Trátase de que a materia se desenvolva de forma participativa e en pequenos grupos de clase que plasmarán o aprendido co traballo no blogue, nas exposicións individuais e grupais, coa participación nos debates...

Dado o número pequeno de alumnado, empregaremos unha metodoloxía activa na que os rapaces sexan partícipes da elaboración do coñecemento. Procurarase a participación de todos por igual e o traballo colaborativo que plasmaremos na elaboración dun blogue de aula no que non só mostrarán os seus novos aprendizaxes senón tamén un cuidado na redacción e edición dos textos, o respecto á autoría.

Criterios de cualificación

As cualificacións das distintas avaliacións verán determinadas por:

- *Probas escritas de procura de información:* valorarase como 0 a non entrega da actividade seguindo as indicacións previas e no prazo correcto.
- *Utilización e grado de desempeño nas actividades dixitais.*
- *Utilización da biblioteca escolar para os seus traballos e necesidades de lectura.*
- *Cuestionarios sobre o explicado na aula.*
- *Producións do alumnado:*
 - Entradas do blogue ou espazo dixital.
 - Portafolio (todas as avaliacións, valorarase por rúbrica)
 - Textos editados mediante procesador. (valorarase por rúbrica)
 - Material de apoio ás exposicións
 - Exposicións orais.
 - Creacións grupais.
- *Observación directa:* intervencións na clase, integración cos seus compañeiros, traballo en equipo, comportamento....

Instrumentos de avaliación	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
Traballo na aula e na casa	20	20	20
Destreza dixital	10	5	5
Artigos de información elaborados	5	35	35
Caderno	5	10	10
Textos editados	2	2	2
Cuestionarios, autoavaliación	10	10	10
Exposicións orais	3	3	3
Participación na clase, traballo en equipo...	40	15	15
Material de apoio ás exposicións	5		
	100 %	100 %	100

A nota final será o resultado da media das tres avaliacións, ou no seu defecto, de todas aquelas avaliacións cuxo resultado non sexa inferior ao 4. Non sen contemplan exames de recuperación, senón que a materia recuperarase coa entrega das actividades que o alumnado non fixera a tempo. En caso de que o alumnado non alcance o grado mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe, haberá unha data extraordinaria en setembro no que deberá presentar todas as tarefas que non realizara ao longo do curso e o caderno de clase ao día, seguindo as indicacións que a profesora, a través do titor/a, lle dará no mes de xuño xunto co boletín de notas.

5. Indicadores de logro do proceso de ensino e a práctica docente.

Para avaliar ambos procesos empregaremos rúbricas.

Proceso de ensino	Escala			
	1	2	3	4
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
Consegiuse crear un clima de motivación e participación?				
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado?				
O nivel de aprobados da materia corresponde ao esperado?				
Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?				
Grado de consecución dos estándares por trimestre.				
Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
Intercálase o traballo individual e en equipo?				
Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe?				
Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				
As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

6. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Música

O alumnado coa materia pendente terá un programa de reforzo para a recuperación da materia no que realizar exercicios e cuestionarios referidos ás partes máis importantes de cada tema. Estes exercicios serán corrixidos, explicados e eventualmente refeitos durante o curso, para preparar as probas de recuperación.

A xefa de departamento terá unha reunión co alumnado do curso para informar sobre estas cuestións, os contidos a desenvolver, o tipo de exame e acordar un día á semana para consultas, correccións, etc.

Aquela parte do alumnado que teña Música como optativa no curso actual, poderá recuperar a parte práctica mediante unha valoración positiva nas probas do seu curso actual.

Investigación e Tratamento da Información.

Ao alumnado de 2º ESO coa materia pendente aportaráselle unha serie de exercicios sobre as fontes documentais impresas e dixitais para que elabore na biblioteca do centro durante o primeiro trimestre que terá que presentar no mes de Xaneiro.

A segunda parte da recuperación consistirá na presentación oral dun traballo de investigación coas pautas dadas (guión previo para correxir apoio de presentación powerpoint). A temática do traballo decidírala a propia profesora.

7. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas en función aos resultados.

Nos primeiros días do curso, farase unha proba escrita para coñecer o nivel de partida do alumnado tralo verano co algúns dos contidos mínimos esixibles do curso pasado e un cuestionario sobre os seus gustos musicais e expectativas ao longo do curso(4º e 1º Bach).

Ao inicio de cada tema, tamén realizarase unha sondaxe para estimar os seus coñecementos previos. En función ao contido, poderá ser unha proba escrita ou oral. Esta proba non será puntuable pero sí dará unha visión ao profesorado e a alumnado do seu nivel de partida na materia e considerarase para coñecer a súa evolución ao longo do tempo.

Tamén realizaranse preguntas individuais de forma oral durante o desenvolvemento dos temas, para coñecer cal é a súa atención durante as clases. Estes instrumentos permitirannos incidir en aqueles aspectos que quedaron menos claros ou o alumnado descoñece *a priori*.

Na parte práctica, tentaremos que todo o alumnado estea satisfeito coa súa achega ao grupo. Avaliaranse as súas actitudes musicais e dispoñibilidade de instrumento ao inicio do curso e en función a iso, asignaráselle a voz mais apropiada ao seu nivel nas pezas que haxa que tocar. Procuraremos unha relación inter pares de forma que aquel alumnado que veña cuns coñecementos musicais adquiridos fora do centro, poda axudar a aquel que ten mais dificultades, apoiando á labor da profesora na aula.

8. Medidas de atención á diversidade

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. Tempos diferenciados, horarios específicos, etc. Espazos diferenciados. Materiais e recursos didácticos diferenciados. • Desdoblamento de grupos(non se contempla) • Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.(non se contempla) 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.(puntualmente) • Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a. • Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias. • Programa específico para alumnado repetidor da materia. • Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

As medidas extraordinarias de atención á diversidade, que comportan modificación dos elementos básicos do currículo, non se aplican en Música. Corresponden aos agrupamentos e adaptación curricular individual. Tampouco se fan grupos de apoio nesta materia.

Realízase reforzo educativo con carácter ordinario, en clase, que non modifica o currículo, e vaise facendo a medida que se necesita.

Ao longo do curso realízanse regularmente recuperacións das probas a aqueles alumnos que non as superaron.

9. Elementos transversais

Ao longo do curso, abordarase de forma transversal os seguintes elementos:

Comprensión lectora: A linguaxe é unha ferramenta presente en todas as materias e desde a nosa, intentarase que adquiran competencia lectora a través da utilización de artigos periodísticos, páxinas web, reseñas, relacionados coa materia que podan dar lugar a análise dos textos, extracción das ideas principais, debates, resumos, etc. Pero non soamente valoraranse textos senón tamén a lectura das imaxes, cando se aborde a publicidade ou o cine.

Expresión oral e escrita: como ferramenta cotiá no seu traballo na aula e na casa, tratarase que o alumnado utilice un léxico apropiado, sexa capaz de expor a súas ideas dunha forma organizada xa sexa oralmente como por escrito en calquera situación(debates, exposicións orais, tarefas, exames).

Comunicación audiovisual: a música ten unha parte de creatividade que favorece o emprego do medio audiovisual tanto para mostrar as creacións do alumnado como para analizar as diferentes creacións dos artistas ao longo do tempo. O medio audiovisual se converte así nunha ferramenta básica para ser utilizada nas clases.

Tecnoloxías de información e comunicación: a través do emprego da aula virtual para acceder aos contidos, presentar exercicios, comunicarse cos compañeiros e o profesorado, así como a utilización de programas relacionados coa gravación e edición do son, editores de texto, de imaxes... que o alumnado deberá utilizar durante o curso.

Emprendemento: este elemento é necesario cando se trata de preparar actividades complementarias como poden ser os concertos, outras actividades musicais no centro ou a participación nalgunha saída relacionada coa materia. Desta forma, o alumnado é participe da súa aprendizaxe cales son os pasos para preparar calquera destas actividades. Tamén pode tratarse a través da participación nalgún proxecto que sexa significativo para eles.

Educación cívica: a aula como un espazo onde o respecto polos compañeiros é un ben necesario. O alumnado ten que desenvolver estratexias para traballar en grupo e valorar as achegas dos seus compañeiros. Tamén aprender como comportarse durante o feito musical; xa sexa como intérprete, xa como oínte.

Prevención da violencia: tratarase que o ambiente na clase sexa distendido, ordenado e de valoración das distintas achegas. A música é un bo medio para integrar a persoas dispares e facerlles partícipes do pracer que supón interpretar música xuntos.

Igualdade: Desde a materia foméntase a participación en igualdade de condicións do alumnado, corrixindo na aula comentarios sexistas, machistas ou que desprezen calquera orientación sexual do alumnado. Así mesmo trataremos de favorecer os grupos de traballos mixtos, visibilizar o papel das mulleres na música e desenvolver un pensamento crítico cara ás letras e produtos audiovisuais que supoñen un menoscabo cara ás mulleres.

10. Actividades complementarias

Estas actividades, como figura no apartado referido á avaliación, son avaliáveis e suxeitas á oferta ao longo do curso:

Música

- Asistencia á concertos didácticos que se organicen desde diferentes institucións.
- Concertos do alumnado ao longo do curso co repertorio traballado
- Participación no Entroido.
- Participación en proxectos que se organicen dende distintas institucións.
- Conferencias no instituto relacionadas coas temáticas traballadas.
- Saídas didácticas: estudio de radio ou de gravación, obradoiro dun luthier, escolas de música

Investigación e tratamento da Información. ID

- Xincanas de procura de información na biblioteca do centro.
- Calquera actividade que se oferte ao longo do curso que teña que ver co noso proxecto.
- Obradoiros de Alfabetización informacional ofertados pola biblioteca municipal de O Porriño.

O Porriño, outubro 2019

Xefa de Departamento: M^a Teresa Saiz Vega

Profesora: Patricia Peña Perojo

